


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

6-7 de marzo do 2021

III DOMINGO DO TEMPO DE CORESMA



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

SAÚDE DE BENVIDA

🎵 n° 7 *Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración da nosa fe. Reunímonos para celebrar este terceiro domingo de Coresma en comunidade. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo. **Colocamos o papel 1: 3° de coresma**

Colocamos o papel 2: Xaxún-absterse

Colocamos o papel 3: debuxo do corazón

Queremos hoxe pararnos a considerar o que significa Xaxún-Absterse. Coma escoitabamos hai dous domingos, Xesús pasou este tempo no deserto xaxuando e preparándose para a predicación do Reino.

Dáanos medo falar de cousas que esixen esforzo persoal porque nos levan a ter que mellorar as nosas actitudes pois dámonos conta de que hai cousas que non facemos ben.

Imos tratar de entender o que significa de verdade Xaxún: **Colocamos o papel 4: o significado de xaxún**

Colocamos o papel 5: debuxo de Deus "ven"

Hai moitas cousas que nos teñen atados e que non nos deixan preocuparnos polo verdadeiramente importante: Deus e os demais.

No evanxeo imos contemplar a Xesús realmente enfadado con aqueles que fan do templo un lugar de mercado: para eles o importante é o negocio e deixan de lado a casa do Pai.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A nosa vida está chea de ataduras que non nos deixan camiñar alegres e pesan no noso corazón. Por iso agora queremos romper esas ataduras e descargar o peso que levamos no corazón. Facémolo pedindo perdón e comprometéndonos a mellorar*

Colocamos o papel 6: debuxo do carro

Monitor/a

- Queremos pedirche perdón, Señor, polas veces que na nosa vida miramos aos demais polo que teñen e non polo que son.

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN

- Queremos pedirche perdón, Señor, polas veces que na nosa vida, como igrexa, damos unha imaxe de negocio e mercado.

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN

- Queremos pedirche perdón, Señor, polas veces que non pomos todo o esforzo a favor da igualdade real entre homes e mulleres.

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que necesitan perdón e dos que saben perdoar, a todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Con esta oración pedimos ao Pai que nos axude a ser coherentes e traballemos pola igualdade e dignidade de todas as persoas. (*silenzo*)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, fonte de toda bondade e misericordia, Ti es para nós agasallo de perdón.

Acolle con amor o recoñecemento da nosa humildade e concédenos o teu Espírito para que, sendo coherentes na fe, os nosos feitos sexan xustos no camiño da dignidade e da igualdade.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(**sentad@s**) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a:

San Paulo resume aquí a gran mensaxe da predicación: Xesús pode ser escándalo ou loucura, pero para nós os crentes é o amor de Deus manifestado no medio de nós.

Xesús bota do templo aos que fan del un negocio. Deus non é algo que poidamos comprar e vender. É un Pai a quen acudimos coma fillos benqueridos, que nos quere e se preocupa por nós.

LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Os xudeus piden signos e os gregos buscan a sabedoría; pero nós predicamos un Mesías crucificado: e isto para os xudeus é un escándalo e para os pagáns é unha loucura. Pero para os chamados, tanto xudeus coma gregos, el é Cristo, marabilla do poder e da sabedoría de Deus. Porque a loucura de Deus é máis sabia que toda a sabedoría dos homes e a debilidade de Deus é máis forte que toda a fortaleza dos homes.

Palabra do Señor

🎵 41 🎵 *Quen nos vai separar* SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 68 Xn 2,13-25 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Estaba a chegar a Pascua dos xudeus e subiu Xesús a Xerusalén. Atopou no templo os que vendían bois, ovellas e pombas e mailos cambistas, sentados; foi el e fixo un vergallo con cordas de xunco, botounos a todos fóra do templo e as ovellas e os bois tamén; guindou cos

cartos e virou as mesas dos cambistas; e aos que vendían as pombas, díxolles:

- Arredádeme de aquí estas cousas, non fagades da casa do meu Pai unha casa de negocio.

Lembráronse os seus discípulos de que estaba escrito: "O celo da túa casa devórame".

Pola súa parte, os xudeus preguntáronlle:

- Que sinal nos mostras, para faceres estes feitos?

Respondeulles Xesús:

- Derrubade este templo e erguereino en tres días.

Replicáronlle os xudeus:

- Corenta e seis anos levou edificar este templo, e halo erguer ti en tres días?

Pero el dicíao referíndose ao templo do seu corpo. Cando se ergueu de entre os mortos, lembraron os seus discípulos o que dixera e creron na Escritura e no dito de Xesús.

Estando Xesús en Xerusalén pola festa da Pascua, moitos creron nel, vendo os signos que facía. Pero, pola súa parte, Xesús non se fiaba deles, porque os coñecía a todos. Non precisaba de que ninguén lle dese informacións de ninguén, que ben coñecía el o que había no home.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Neste encontro parroquial, sabendo Señor que Ti sempre estás á nosa beira, queremos facer camiño de coresma para chegar á Pascua. Dicimos*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Credes en Deus,

Pai cheo de misericordia,

que nos acolle e nos perdoo con toda gratuidade?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús,

que nos convida a ser Boa Nova

nas palabras e nos feitos,

co atrevemento de non calar ante o que está mal na igrexa ou no mundo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus

que nos alenta para vencer as tentacións de ter, de aparentar, e de aproveitarnos dos demais?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa,

comunidade que necesita superar a tentación

de ser unha institución de poder e negocio,

para ser unha comunidade de irmáns?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe que compartimos acudimos a ti, Pai de misericordia, conscientes da nosa debilidade e necesitados da túa axuda para comprender o que queres de nós, e facémolo dicindo:*

PAI, AXÚDANOS NO CAMIÑO

Monitor/a

1. Polos bispos e os curas para que non haxa medos á hora de esforzarse por facer comunidades cribles dende a gratuidade das celebracións, oremos

2. Polos veciños e veciñas que en Os Cotos estamos facendo posible unha igrexa alonxada do “negocio” asumindo a responsabilidade de cooperar no seu mantemento, oremos

3. Por todas as persoas que teñen negocios, para que fagan da vida un respecto polos demais, e non un enriquecerse sen escrúpulos, oremos

4. Polas mulleres que sofren as consecuencias dunha sociedade machista, e aínda necesitada de moitos esforzos na procura dunha igualdade auténtica, oremos

5. Polas persoas que están traballando moito e ben contra a pandemia e que nos son de fiar, e por todos os que non fan nada máis que criticar, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe, coma sempre, estás á nosa beira escoitándonos e acolléndonos. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *O Noso Pai é a oración que nos ensinou Xesús. Con ela honramos a Deus e pedimos aquilo que máis necesitamos. Que hoxe a recemos sen rutinas e sendo conscientes de que pomos nas mans do Pai a nosa vida e preocupacións: NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *O signo da paz neste momento quere ser o signo de que todos nós formamos unha soa comunidade unida nos sentimentos que nos transmite a fe. Aínda que non poidamos mostralo cun bico ou unha aperta, por responsabilidade, que o noso corazón transmita esa paz que nos desexamos.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Participar na Eucaristía é comprometer a vida en construír o Reino que trouxo Xesús. Comprometámonos neste camiño cara a Pascua respectándonos todos en igualdade, e sen distincións de ningún tipo.*

Ditosos nós que hoxe fomos acollidos e convidados a esta mesa do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 n° 43 **Non vou so**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

Antes de rematar a nosa xuntanza colocamos as partes que nos faltan do taboleiro. Comezabamos intentando comprender o que significa Xaxún. A mellor forma de entendela é responder á pregunta que nos fai o Profeta Isaías

Colocamos o papel 7: Isaías 58, 6

Animémonos a xaxuar así e podemos facelo todos, pois esta é unha chamada ao noso compromiso cristián.

Colocamos o papel 8: anímate ao xaxún

Colocamos o papel 9: debuxo Deus por enriba
ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Deus, noso Pai, volve cara Ti os nosos corazóns para que medre a nosa a esperanza e se enforzeza cada día a nosa caridade.

Fai que buscándote sempre a Ti, e amándonos uns a outros te glorifiquemos nas palabras e nos feitos que fan crible e evanxeo da Pascua. Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***

Avísase das misas (ver folla do mes).

Os pais dos nenos que teñen previsto facer a 1ª comuñón este ano teñen que poñerse en contacto cos párrocos.



Domingo 3º de Coresma:

Oración: Unha esperanza indignada

Ti, Xesús, botaches do templo aos mercadores. Disnos que a túa casa non é unha empresa nin un Mercado para comprar a Deus.

A casa do Señor é unha comunidade de irmáns, profecía e sacramento de fraternidade universal onde todas as persoas son sagradas porque son a túa imaxe.

Crea en nós, Xesús, un corazón indignado e auténtico, líbranos dos nosos mesquiños intereses disfrazados de relixiosidade sen corazón.

Xesús, axúdanos a traballar co mesmo celo teu para expulsar do mundo a todos os mercadores da vida e para que a igrexa sexa un auténtico lugar de acollida e encontro con Deus.

Material de Coresma da Diocese de Ourense para o ano 2021

3º de CORESMA

XAXÚN - ABSTERSE

O significado de xaxún no día de hoxe é absterse das cousas que para nós nestes momentos son vicios e non os quitamos de enriba. Podemos faceloll!

Xaxúa de non dicir nada que faga mal a outros. Pois, de que serve non comer carne se devoras ao teu irmán?

O xaxún non é cuestión de estómago senón de corazón.

Animade ao xaxún:
 xaxúa de palabras ofensivas e transmite palabras bondadosas.
 xaxúa de queixas e énchete de cousas sinxelas.
 xaxúa de tristuras e énchete de alegría.
 xaxúa de egoísmo e énchete de compaixón.

Isaías 58:6
 O xaxún que escollín, non é mais ben romper as cadeas de inxustiza e desatar as correas do xugo, por en liberdade os oprimidos e romper toda atadura?

“Non fagades da casa de meu Pai casa de negocio”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe